

Don Antonio Torrón Casal, Secretario Accidental da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

C E R T I F I C A:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o 02 de xaneiro de 2020, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.d. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: Apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable con criterios de valoración automática presentada polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de evolución e xestión da rede SmartPeme de Pontevedra “(Nº Expte.- 2019049684)”

O Secretario Accidental da Mesa de Contratación informa ós asistentes da puntuación acadada pola empresa presentada e admitida ao procedemento aberto convocado para contratación do “Servizo de evolución e xestión da Rede SmartPeme de Pontevedra”, e que é a seguinte:

| EMPRESAS | PUNTAUCIÓN SOBRE “B” |
|---|----------------------|
| KPMG Asesores, S.L. (NIF: B-82.498.650) | 37,00 puntos. |

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Presidente e o Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada no sobre “C” correspondentes os criterios de valoración automática presentados pola empresa presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación do referenciado servizo e que acadou unha valoración superior ao mínimo establecido (30,00 puntos) en función dos criterios non avaliáveis mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

KPMG Asesores, S.L. (NIF: B-82.498.650)

1.- Prezo ofertado:

| | |
|-------------------------|--------------|
| Importe sen o IVE: | 805.800,00 € |
| IVE (21%): | 169.218,00 € |
| Importe total ofertado: | 975.018,00 € |

2. Incremento do número mínimo de empresas a asesorar anualmente por encima do mínimo establecido.



| Incremento do número mínimo de empresas a asesorar anualmente | Nº empresas |
|---|-------------|
| Empresas a asesorar ofertadas pola empresa licitadora | 2.000 |

3. Ampliación do equipo de traballo.

| Equipo de traballo de asesoramento tecnolóxico da rede SmartPeme Pontevedra (en número de persoas asesoras) | SÍ | NON |
|---|----|-----|
| A empresa licitadora oferta 1 persoa asesora TIC a maiores do mínimo esixido (7) | X | |

4. Ampliación do número anual de horas de actividades complementarias na rede SmartPeme.

| NÚMERO ANUAL DE HORAS DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS NA REDE SMARTPEME | OFERTA DA EMPRESA |
|--|-------------------|
| Ampliación de 40 horas | |
| Ampliación de 80 horas | |
| Ampliación de 120 horas | |
| Ampliación de 160 horas | |
| Ampliación de 200 horas | X |

E para que conste, estende a presente, en Pontevedra, a dous de xaneiro de dous mil vinte.

